

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

EXTRACTO da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas privadas, en réxime de concorrência non competitiva, para o fomento da sustentabilidade no desenvolvemento da actividade industrial do sector dos recursos naturais en Galicia, e se convocan para o ano 2022 (liñas de axuda 1 e 4) (código de procedemento IN308D).

BDNS (Identif.): 609592.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

a) Empresas privadas que, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, realicen actividades reguladas pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e contén co título de carácter administrativo que resulte preceptivo para o desenvolvemento das ditas actividades ou, cando proceda, coa conformidade do órgano administrativo correspondente, todo o cal poderá ser comprobado de oficio pola Administración (liña 1).

b) Empresas privadas que teñan algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia dedicado ao envasado das augas minerais naturais e a explotación de balnearios e que contén co título de carácter administrativo que resulte preceptivo para o desenvolvemento das actividades de conformidade coa da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, todo o cal poderá ser comprobado de oficio pola Administración (liña 4).

Considerarase empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica e do seu modo de financiamento, que exerza unha actividade económica. En particular, consideraranse empresas aos empresarios persoas físicas que exerzan actividades a título individual ou familiar, así como as sociedades de persoas que exerzan unha actividade económica de forma regular.

CVE-DOG: 3fzme8u5-0hp7-11t5-fdj4-luawm0q2ukh9



Segundo. Obxecto

Aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de axudas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para fomentar e incentivar a sostibilidade, nas súas dimensións económica, social e ambiental, no desenvolvemento da actividade industrial do sector dos recursos naturais en Galicia, así como a súa convocatoria para o ano 2022, a través de cinco liñas de actuación.

As axudas que correspondan a actuacións encadradas na liña 1 serán para o financiamento dos investimentos destinados a mellorar a calidade do ambiente atmosférico da zona afectada pola actividade mineira, en especial mediante a redución das emisións de po e ruído.

As axudas que correspondan a actuacións encadradas na liña 4 serán para o financiamento dos investimentos destinados á adquisición de equipamentos de eficiencia enerxética nas empresas que se dediquen ao envasado das augas minerais naturais, así como para empresas de explotación de balnearios.

Terceiro. Bases reguladoras

Inclúense no anexo I da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

Cuarto. Contía

O crédito destinado para estas axudas é de 700.000,00 euros para as axudas da liña 1 e 560.000,00 euros para as axudas da liña 4.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes e comezará o décimo quinto día hábil posterior a aquel no que se publique esta orde no DOG, e concluírá no mes de vencemento o día ordinal anterior ao día no que comezou o prazo.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2022

Francisco José Conde López
Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía,
Empresa e Innovación

